

Galiciae

Galiciae

HOMENAXE

Galicia celebra os 176 anos de Rosalía

Etiquetas: Rosalía de Castro, aniversario, nacimiento, cultura, homenajes, Cantares Gallegos

Galiciaé LV / Axencias. Distintos actos recordaron hoxe a Rosalía de Castro na data na que se cumpre o 176 aniversario do seu nacemento, cando se cumpren, ademais, 150 anos da publicación da súa obra Cantares gallegos.

O acto institucional celebrouse na súa casa museo, en Padrón, A Coruña, onde acudiron, entre outros, os integrantes da Fundación que leva o nome da autora e o conselleiro de Cultura, Xesús Vázquez.

Tamén asistiron o presidente da RAG, Xosé Luís Méndez Ferrín, e os alcaldes de Santiago, Ángel Currás e Vigo, Abel Caballero. Alí, interpretouse a Alborada composta por Rosalía, leuse un manifesto e recitáronse versos dos seus poemas.

Á mesma hora, que o acto institucional en Padrón, no Panteón de Galegos Ilustres, en Santiago, a Asociación de Escritores en Lingua Galega rendeu a súa homenaxe á escritora.

Antes destes actos, na praza de Vigo en Santiago, houbo unha ofrenda floral ante o monumento que recorda o nacemento de Rosalía en 1837 e tamén se interpretou a Alborada.

24/02/2013